

A SUPERVIVENCIA DOS COMERCIANTES-BANQUEIROS CORUÑESES NUN MARCO DE CRECENTE COMPETENCIA: ESTRATEGIAS E RESULTADOS (1840-1936)

ELVIRA LINDOSO TATO / MARGARITA VILAR RODRÍGUEZ
Universidade da Coruña

Recibido: 7 de xullo de 2007

Aceptado: 8 de novembro de 2007

Resumo: Este traballo persegue como principal obxectivo estudar as orixes e a evolución da banca autóctona galega desde a perspectiva da historia empresarial. Utilizando nova evidencia cuantitativa, analízase a fundación das primeiras casas de banca, as súas fontes de financiamento e as principais estratexias de supervivencia adoptadas para facerlles fronte aos cambios lexislativos e ás maiores esixencias financeiras dunha economía en proceso de desenvolvemento. A capacidade de resposta de cada banqueiro privado ás novas condicións do mercado determinou os seus resultados no longo prazo. En vésperas da Guerra Civil, moitas casas de banca pecharan as súas portas, outras sobrevivían á espera de seren absorbidas por algún grupo bancario extrarrexional e só un pequeno grupo conseguiu transformarse en sociedades anónimas e chegar ata os nosos días.

Palabras clave: Historia empresarial / Banca / Comerciantes-banqueiros / Galicia.

SURVIVAL OF THE BANKING HOUSES OF CORUNNA WITHIN AN INCREASING COMPETITIVE FRAMEWORK: STRATEGIES AND RESULTS (1840-1936)

Abstract: This article analyses the origins and the evolution of the Galician native bank from a business history perspective. By using new quantitative evidence, the foundation of the first banking houses, their sources of financing and their main strategies of survival to face the legislative changes and the greater financial requirements from an economy in development process are analysed. The kind of answer chosen by each private banker to the new demand of the market determined their results in the long term. On the eve of the Civil War, many banking houses had shut up, others awaited the takeover of the enterprise by an extraregional banking group with eager anticipation, and only a small group was able to become joint-stock banks to the present time.

Keywords: Business history / Bank / Banking houses / Galicia.

1. INTRODUCCIÓN

En comparación con outros países europeos, o sistema financeiro español experimentou un lento e tardío proceso de modernización durante o século XIX, á sombra de tres cambios lexislativos de diferente signo¹. En primeiro lugar, as leis dos anos 1848 e 1849 implantaron un marco legal restritivo onde se impuxeron serias trabas para fundar un banco, o que recortou a permisividade existente ata o momento. Máis tarde, as leis do ano 1856 introduciron un talante máis liberalizador que impulsou a expansión do sector coa creación de novas entidades. Finalmente,

¹ Unha análise máis polo miúdo sobre estes cambios lexislativos pode atoparse en Tortella (1970a, 1970b), en Tedde (1974) e en García López (1987).

no ano 1874, aprobouse o Decreto Echegaray que lle outorgou o monopolio de emisión ao Banco de España, á vez que lle deu forma legal á modernización do sistema financeiro. Máis tarde, a promulgación da Lei Cambó (1921) reordenou o sistema bancario e impulsou a expansión extrarrexional da gran banca co conseguinte aumento da competencia no sector. Dentro deste longo proceso, o avance no desenvolvemento de industrialización do país tamén exerceu una influencia decisiva ao esixir medios de pagamento e operacións de crédito a maior escala (Carreras e Tafunell, 2003, p. 142; Prados, 2003).

A configuración do sistema financeiro na España decimonónica xerou un intenso debate na historiografía española durante as últimas décadas (Tortella, 1975; García López, 1987). O centro da polémica xirou en torno á identificación do sistema bancario español co escaso número e reducido tamaño dos bancos e das sociedades de crédito que actuaron no país durante a centuria, o que podería ter dificultado a satisfacción das necesidades da economía (Tortella, 1973). Na outra cara do debate, a penuria bancaria esfúmase ao considerar o labor desempeñado polos comerciantes-banqueiros que, aínda sendo firmas de pequena dimensión, representaron colectivamente unha parte fundamental do sistema bancario español no século XIX, realizando operacións similares ás entidades bancarias (García López, 1987, 1989, 2000)².

O caso galego pon en evidencia que os banqueiros privados constituíron axentes de primeira orde no mercado financeiro decimonónico da rexión, onde o número de institucións bancarias resultaba moi escaso. As necesidades financeiras da economía galega –unha das comunidades máis atrasadas durante o século XIX (Carmona, 2001; Alonso, 2005)– quedaron cubertas grazas a este tipo de intermediarios. Aínda que Galicia se incorporou á nova orde financeira fixada pola lexislación durante a centuria, este proceso non lle restou importancia ao papel desenvolvido polos comerciantes-banqueiros. A dualidade no mercado financeiro rexional mantívose ata ben entrado o século XX, sobre todo naquelas poboacións de menor tamaño onde o lento desenvolvemento das redes bancarias lles outorgou unha oportunidade de supervivencia.

Partindo deste contexto, o traballo ofrece un estudo global da historia empresarial das casas de banca máis relevantes da provincia da Coruña antes da Guerra Civil, achegando nova información cuantitativa. Con este fin, estableceuse unha clasificación dos banqueiros privados en tres grupos, en función da súa capacidade de adaptación ao cambiante contexto económico e lexislativo. Dentro de cada grupo analizáronse as principais estratexias de supervivencia adoptadas para facerlles fronte aos cambios lexislativos e ás maiores esixencias dunha economía en desenvolvemento. A capacidade de resposta de cada comerciante-capitalista aos cambios institucionais e ao mercado condicionou os seus resultados no longo prazo. En vés-

² Tortella (2001, p. 146) recoñeceu con posterioridade a importancia dalgunhas redes de bancos e banqueiros privados que podían exercer unha función complementaria ou de reforzo á dos grandes bancos e sociedades de crédito.

peras da Guerra Civil, moitas casas de banca pecharan as súas portas, outras sobrevivían á espera de seren absorbidas por algún grupo bancario extrarrexional e só un pequeno grupo conseguiu transformarse en sociedades anónimas e chegar ata os nosos días.

2. UNHA BANCA EN ESTADO EMBRIONARIO: O MAPA FINANCEIRO GALEGO NO SÉCULO XIX

A oferta financeira galega no século XIX cubriuse cunha multitude de axentes de distinta natureza. Sociedades anónimas, casas de banca familiares, comerciantes-banqueiros individuais e a banca oficial compoñían o groso do mercado bancario. A raíz da aprobación da lei bancaria do ano 1856, creáronse tres sociedades anónimas bancarias en Galicia: o *Banco de La Coruña*, o *Banco de Santiago* e a *Sociedad de Crédito y Fomento de Vigo*³. As dúas últimas non superaron a crise da década de 1860, e a primeira foi reconvertida nunha sociedade de crédito –o *Crédito Gallego* (1875)– logo da promulgación do Decreto Echegaray. Á vez, estableceuse na capital herculina a primeira sucursal galega do Banco de España, que completou a súa rede de oficinas galegas na década de 1880⁴. Máis tarde, co novo século, naceu o *Banco de Vigo* (1900), un novo intermediario financeiro vinculado aos intereses pesqueiros e conserveiros das Rías Baixas (Alonso, 1984)⁵. As bancas nacional e estranxeira tamén estableceron sucursais no territorio galego en sintonía coa política seguida no resto do territorio nacional⁶.

Estas institucións viñeron sumarse aos tradicionais comerciantes-banqueiros que ata aquela exerceran de principais subministradores de capital na Comunidade. A natureza do comerciante-capitalista implicaba unha relación moi estreita entre a sección comercial, no seu sentido máis preciso, e a financeira. Estes empresarios con frecuencia baseaban a súa fortuna nos negocios propiamente mercantís. A experiencia e os beneficios adquiridos podían conducilos a participar en actividades de intermediación financeira, coma o xiro e o desconto de letras, ou o crédito. Non existía unha división estrita entrambos os dous tipos de funcións. Banca e comercio resultaban dúas

³ A diferenza das institucións bancarias, na Comunidade axiña se crearon caixas de aforro. Na primeira metade do século XIX fundouse a efémera *Caja de Ahorros y Monte de Piedad de La Coruña* (1842). No ano 1876 naceu a segunda caixa do mesmo nome, promovida polo *Crédito Gallego*. A fundación desta caixa foi o disparo de saída para a implantación de novas caixas noutros puntos da Comunidade. Porén, as caixas de aforro apenas lle crearon competencia á banca tradicional no século XIX. Os seus clientes atopábanse entre as capas máis desfavorecidas da sociedade ou entre as clases medias que demandaban determinados servizos financeiros. O microcrédito de subsistencia e a remuneración dos pequenos aforros constituíron as súas principais funcións.

⁴ Ata a promulgación do Decreto Echegaray, os intereses da banca oficial foron representados por comisionados situados nas poboacións máis importantes da Comunidade. Así, ata mediados do oitocentos, só existiu un representante do Banco de San Fernando na cidade da Coruña. Unha vez establecidas as sucursais, a rede foi completada co establecemento de correspondentes nas principais localidades da Comunidade nos inicios do século XX.

⁵ Esta entidade estivo en gran parte ao servizo dos empresarios conserveiros da ría viguesa, que contribuíron á súa fundación (Carmona, 1997).

⁶ Podemos atopar as institucións financeiras establecidas na Comunidade galega durante o século XIX en Lindoso (2006a, p. 225).

actividades intimamente ligadas no século XIX, mentres que a especialización constituíu un fenómeno do século XX. Porén, unha dedicación mercantil non constituía unha condición necesaria e suficiente para exercer de comerciante-banqueiro. Tamén nos atopamos con fabricantes ou con propietarios que canalizaban ou que encamiñaban as súas reservas de liquidez cara á actividade financeira. En todo caso, estes actores financeiros correspondíanse de forma habitual con estados poucos avanzados do desenvolvemento económico onde as necesidades financeiras eran modestas, como ocorreu en Galicia durante a maior parte do século XIX.

Os comerciantes-banqueiros exerceron un dominio indubidable sobre o mercado financeiro galego decimonónico. De feito, as sociedades anónimas bancarias galegas da época foron creadas en gran medida por estes capitalistas ao servizo dos seus propios intereses. Resultaba habitual atopar entre os accionistas do *Banco de La Coruña* banqueiros recoñecidos da poboación herculina. Á súa vez, o *Crédito Gallego* recibiu o apoio das casas de banca locais. Pola súa parte, a axencia herculina do Banco de España estivo dirixida por membros do consello do *Crédito Gallego* ata a desaparición deste último, mesmo mantendo accionistas en común⁷. En xeral, non houbo unha forte competencia entre as grandes sociedades anónimas e os banqueiros privados. En todo caso, existía conivencia entre os uns e os outros, dado que moitas das institucións bancarias seguían as directrices marcadas polos comerciantes-capitalistas máis influentes da rexión, na súa maioría socios da banca local. A súa influencia sobre determinadas institucións financeiras garantíalles un elevado control sobre a política de activo e pasivo daquelas entidades. De feito, varios banqueiros privados actuaron como correspondentes e mesmo como administradores do Banco de España. *Viuda e Hijos de Solórzano* exerceu de correspondente na parroquia de Santa María de Oza. O propio *Banco de Vigo* actuou de correspondente na Cañiza e en Redondela para a sucursal viguesa do Banco de España nos anos inmediatamente anteriores á Primeira Guerra Mundial⁸.

O número de comerciantes-banqueiros, concentrados sobre todo na Coruña, superaba de sobra o das institucións financeiras establecidas en Galicia (cadro 1)⁹. Polo xeral, os comerciantes-capitalistas exerceron o seu labor como empresarios individuais, aínda que algúns adoptaron a forma dunha sociedade –colectiva ou comanditaria, transformándose en moi poucas ocasións en anónimas (cadro 2)¹⁰–.

⁷ En concreto, Pedro Barrié Pastor, socio da casa de banca *José Pastor y Cía.*, foi o segundo accionista da sucursal con 274 accións (Lindoso, 2006a, p. 246).

⁸ En Lindoso (2006a, pp. 325-328) podemos atopar unha listaxe dos correspondentes do Banco de España antes da Primeira Guerra Mundial.

⁹ O cadro non é exhaustivo, pero si é indicativo da polarización da capital herculina. Un exame dos protocolos e rexistros mercantís das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra probablemente daría como resultado un número moito máis amplo.

¹⁰ Este cadro recolle os comerciantes-capitalistas que actuaban baixo a forma dunha sociedade colectiva e comanditaria. Porén, banqueiros como Fernando Rubine, a banca Núñez nos seus primeiros tempos ou Narciso Obanza quedan fóra do seu alcance dado que eran empresas unipersoais.

Cadro 1.- Número de comerciantes-banqueiros e prestamistas en Galicia, 1820-1914

PROVINCIA	COMERCIANTE-BANQUEIRO	PRESTAMISTA HABITUAL	PRESTAMISTA OCASIONAL
A CORUÑA	111	44	114
Capital	64	22	114
Ferrol	12	11	n.d.
Santiago	10	11	n.d.
Resto da provincia	25	n.d.	n.d.
LUGO	15	n.d.	n.d.
OURENSE	26	n.d.	n.d.
PONTEVEDRA	62	n.d.	n.d.
Vigo	38	n.d.	n.d.
Resto da provincia	24	n.d.	n.d.

FONTES: Lindoso (2006a, pp. 320-324), García López (2003, pp. 126-486) e Facal (1986, pp. 148-186).

Cadro 2.- Sociedades bancarias non anónimas na provincia da Coruña, 1820-1914

ANO DE FUNDACIÓN	EMPRESA	CAPITAL	ACTIVIDADE
A Coruña	1857 <i>Eduardo Pico y Cía.</i>	n.d.	Compra de créditos da débeda do persoal
	1861 <i>Herce y Alsina</i>	n.d.	Operacións de banca
	1864 <i>Viuda de Atocha e Hijos</i>	n.d.	Operacións de banca
	1868 <i>José Pastor y Cía.</i>	335.000	Comisións e banca
	1870 <i>Piñón y Cía.</i>	70.000	Casa de préstamos
	1870 <i>Viuda de Rodríguez e Hijo</i>	143.534	Operacións de banca
	1871 <i>Laureano Couceiro y Cía.</i>	n.d.	Operacións de banca
	1877 <i>José María Varela</i>	n.d.	Descontos
	1888 <i>Sucesores de Enrique Veiga</i>	90.000	Operacións de banca
	1893 <i>Baña y Vázquez</i>	n.d.	Negociación de letras
	1897 <i>Hijos de Marchesi Dalmau</i>	1.000.000	Operacións de banca
	1901 <i>Laureano Martínez y Hno.</i>	70.000	Operacións de banca
	1901 <i>Mayoral y Guerra</i>	3.508	Compra-venta de alfaías, roupas
	1903 <i>Otero y Moscoso</i>	10.000	Compra-venta mercantil de diñeiro
	1906 <i>Monte Benéfico</i>	10.000	Socorros mutuos ou sociedade de previsión
	1910 <i>Gilard y Cía.</i>	10.000	Comisións e embarque de emigrantes
Betanzos	1878 <i>José Longueira Hijos</i>	50.000	Comisións
	1878 <i>Hijos de Domingo Etcheverría</i>	426.250	Operacións de banca
Ferrol	1903 <i>Hijos de A. Núñez</i>	50.000	Operacións de banca
	1886 <i>A. Barreiro y Cía.</i>	70.533	Operacións de banca
	1886 <i>Casas, Martínez y Cía. (1)</i>	80.000	Negociación de letras
	1893 <i>La Equidad</i>	24.595	Casa de préstamos sobre prendas
	1904 <i>Novo y Salanova</i>	850	Seguros e comisións
Muxía	1902 <i>Ramón Navarro y Cía.</i>	10.000	Operacións de banca
Padrón	1890 <i>Ramos y Pazos</i>	120.497	Operacións de banca
Pontedeume	1905 <i>R. Pardo y Cía.</i>	500.000	Operacións de banca
Santiago	1850 <i>Silverio Moreno e Hijo (2)</i>	n.d.	Xiro de letras
	1884 <i>Hijos de Pérez Saenz (3)</i>	250.000	Operacións de banca
	1894 <i>Vda. e Hijos de Simeón García</i>	250.000	Operacións de banca
	1907 <i>Puertas y Roa</i>	110.000	Operacións de banca
	1910 <i>Pérez y De Andrés</i>	400.000	Operacións de banca

Capital nominal en pesetas correntes.

NOTAS: Este cadro engloba a constitución de novas sociedades en materia financeira, polo que non recolle renovacións, modificacións sociais nin empresas unipersoais. (1) Establecida na cidade da Coruña; (2) *Manuel Pío Moreno y Sobrino* (1864), cun capital de cen mil pesetas, foi a súa sucesora; (3) Compañía antecesora de *Olimpio Pérez e Hijos* (1909) formada cun capital dun millón de pesetas.

FONTE: Lindoso (2006a, p. 212).

Durante o século XIX destacaron na provincia da Coruña algúns banqueiros privados entre os que podemos salientar a José Pastor, a Narciso Obanza e a Fernando Rubine na Coruña, as familias Núñez e Etcheverría en Betanzos, a Manuel Pérez Sáenz e a Simeón García en Santiago de Compostela e aos irmáns Tenreiro en Pontedeume. Estes empresarios converteron as operacións financeiras nunha parte esencial dos seus negocios, chegando nalgúns casos a ensombrecer a actividade comercial e/ou industrial que desenvolvían.

Outros comerciantes e/ou industriais dedicáronse de maneira ocasional a facilitar capitais. Neste caso podemos atopar empresarios como Eduardo Cervigón na Coruña ou Francisco Barcón y Quevedo en Ferrol (Alonso, Lindoso e Vilar, no prelo)¹¹. O primeiro derivou parte das ganancias obtidas no negocio madeireiro, no refinado de petróleo, no comercio de coloniais, na fabricación de cristais e na salgadura cara á intermediación financeira. Pola súa parte, Barcón, moi coñecido polo seu investimento téxtil en *La Galicia Industrial*, tamén exerceu de intermediario financeiro de maneira ocasional¹². Para estes empresarios o negocio financeiro non tiña significación especial ningunha polo que, cando as condicións de mercado cambiaron a principios do século XX, lles resultou máis doado abandonalo e buscar refuxio na actividade industrial.

2.1. A CORUÑA, CAPITAL FINANCEIRA DE GALICIA

O acervo financeiro constituíu un activo significativo da capital herculina. As primeiras –e máis duradeiras– sociedades anónimas bancarias e caixas de aforro establecéronse nesta cidade. Tamén se converteu no berce do Banco Pastor, o sexto banco español en vésperas da Guerra Civil. A firma Pastor exemplifica o caso dun comerciante-banqueiro tradicional que no século XX fortaleceu o seu negocio bancario e se transformou nun xigante financeiro peninsular. Nas súas orixes, o capital comercial foi decisivo para a súa formación, así como a su inmersión directa en negocios industriais. Para buscar as súas orixes debemos remontarnos ao período final do século XVIII, época na que o catalán Jaime Dalmau Batista fundou unha compañía mercantil dedicada ao negocio bancario e ao comercio en xeral¹³. No ano 1819, o catalán José Pastor Taxonera sumouse á empresa. A súa sucesora, *Dalmau y Pastor* (1826), ampliou os seus negocios desde a fabricación de salgaduras ata a

¹¹ En particular, a familia Cervigón concentrou os seus esforzos no sector madeireiro desde principios do século XX. O sector da madeira presentaba grandes perspectivas de crecemento, mentres que o negocio dos prestamistas particulares entraba en declive debido á forte competencia bancaria.

¹² *Archivo Histórico de Protocolos de La Coruña (AHPC)*, Manuel Devesa y Gago, leg. 10123 (1883), fol. 4726 e ss.

¹³ Véxanse <http://www.fBarrié.org/fundacion/historia/BP.htm> e tamén Burés Miguens (2006). Dalmau formaba parte da vaga de negociantes cataláns que se instalaban en terras galegas para dedicarse a actividades relacionadas coa salgadura e co comercio. A partir da década de 1830, o fluxo de inmigrantes cataláns detívose e, no caso de continuar, adoptou un cariz distinto (Carmona, 1996).

elaboración de xabóns, pasando por un discreto investimento no mercado inmobiliario local. A firma liquidouse no ano 1848¹⁴. Os Dalmau retiráronse a Barcelona e José Pastor púxose á fronte da compañía, baixo a razón social de *José Pastor*. Logo da súa morte, os seus herdeiros desprendéronse dos intereses fabrís. Dous dos seus fillos –José e Francisco Pastor y Horta– decidiron probar fortuna ao outro lado do Atlántico, entrando a traballar na casa de comercio cubana do seu tío Nicolás Galcerán. Máis tarde, establecéronse pola súa conta dedicándose ao negocio do tabaco e ao comercio de todo tipo de bens, actividades que combinaron coa participación en varios barcos e coa negociación de letras de cambio (Burés Miguens, 2006, p. 90 e ss.).

O seu retorno á Península conduciu á formación dunha nova sociedade: *Pastor Hermanos* (1861), xunto con outro irmán –Juan Ventura–. A nova empresa constituíuse cun avultado capital de medio millón de pesetas de procedencia esencialmente americana. Durante esta etapa inicial, a sociedade desenvolveu tres actividades básicas: os intercambios comerciais con América, os servizos bancarios e os negocios marítimos¹⁵. En vésperas da Gran Guerra, os sucesivos incrementos de capital colocaran a firma á cabeza da banca herculina, onde o *Crédito Gallego*, único homologable en canto a capital, desaparecera no ano 1905. A sociedade permaneceu no seo da familia tras sucesivas renovacións e baixo distintas razóns sociais¹⁶. Co século XX, o novo Pedro Barrié de la Maza accedeu á empresa converténdose, xunto co seu tío Ricardo Rodríguez Pastor, en artífice do Banco Pastor (1925)¹⁷.

A actividade mercantil da compañía caracterizouse por dous aspectos ata a Primeira Guerra Mundial. En primeiro lugar, seguiu exercendo as actividades comerciais e industriais que tradicionalmente viñan desenvolvendo os seus antecesores a través da súa participación indirecta en diversas sociedades (figura 1). En segundo lugar, nos anos setenta intensificou a súa inmersión en dúas áreas esenciais para o seu futuro: por un lado, as actividades bancarias, que se converteron nun dos piares da empresa e, polo outro, a extensión dos negocios relacionados coa emigración. Neste terreo, actuaron como receptores e xestores de remesas e exerceron de axentes consignatarios das grandes compañías navieiras estranxeiras¹⁸. Ata a Primeira

¹⁴ En Lindoso (2005, p. 330) pódense atopar máis detalles sobre estes aspectos.

¹⁵ A sociedade tamén participou nas iniciativas financeiras que tiveron lugar na Coruña. O *Crédito Gallego*, a *Caja de Ahorros y Monte de Piedad de La Coruña* e a sucursal herculina do Banco de España contaron entre os seus conselleiros e/ou accionistas con Pedro Barrié Pastor e/ou con Ricardo Rodríguez Pastor. *Memorias de la sucursal del Banco de España en La Coruña (1896-1925)*.


¹⁶ Logo do pasamento de Francisco e de Juan Ventura Pastor, José Pastor y Horta, único socio supervivente, asociouse co seu sobriño Pedro Barrié Pastor. A nova compañía recibiu o nome de *José Pastor y Cía*. (1868). Máis adiante, *Sobrinos de José Pastor* (1890) foi o resultado da asociación entre o citado Barrié e Ricardo Rodríguez Pastor.

¹⁷ Por escritura de 25 de xuño de 1915 (*RMC*, libro 17, folia 444, inscrición 6ª, fol. 35).

¹⁸ Comerciantes-banqueiros, capitáns, armadores e emigrantes retornados actuaron como pontes no fluxo de fondos entre América e Galicia ata mediados do século XIX. As primeiras redes organizadas de correspondentes bancarios das que hai constancia xurdiron a partir dos anos sesenta (Vázquez González, 2000, p. 900).

Guerra Mundial, a vocación investidora da sociedade limitouse ao mercado local, coa única excepción da apertura dunha sucursal en Vigo¹⁹.

Figura 1.- Investimentos dos comerciantes-banqueiros da provincia da Coruña no século XIX



FONTES: Rexistro Mercantil da Coruña (RMC), Arquivo Municipal de Betanzos (AMB), AHPC, Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela (AHUSC) e Lindoso (2006a, 2006b).

Na década de 1860 tamén comezou as súas operacións a casa de banca Obanza. Esta empresa unipersoal foi fundada por Narciso Obanza Díaz (1836-1901), natural de Ribadeo, que emigrou a Cuba a finais da década de 1840²⁰. Retornou a Galicia anos máis tarde cunha modesta fortuna, deixando atrás importantes relacións persoais e comerciais na illa caribeña²¹. Con eses medios, e aproveitando os seus contactos en ultramar, estableceu un comercio de café, licores, coiros, cacao e chocolate na Coruña²². Nos últimos anos da súa vida tamén entrou a formar parte da socie-

¹⁹ Por escritura de 1 de xaneiro de 1913 (RMC, libro 17, folia 444, inscrición 5ª, fol. 35).

²⁰ Véxanse García López (2003, p. 154) e AHPC, Manuel Devesa y Gago, leg. 10090 (1876), nº 185, fol. 795 e ss.

²¹ As súas relacións con América non se interromperon. Neste sentido, no ano 1866 constituíu con José López e con Manuel López Pacios en Bos Aires a sociedade mercantil *José López y Cía*. A compañía dedicouse ao rexistro de xéneros por xunto (AHPC, Ruperto Suárez, leg. 9726 (1869), nº 487, fol. 1538 e ss., fol. 1892 e ss.). Ao seu regreso de Cuba, emparentou por vía de matrimonio coa liñaxe do comerciante leonés establecido na Coruña Benito María Alonso, introducíndose no círculo da elite comercial herculina.

²² Converteuse nun dos principais importadores de coiros do porto coruñés (Lindoso, 1999, pp. 163-164).

dade comanditaria coruñesa *Agustín Fernández y Cía.* (1898), unha das empresas máis significativas do negocio de ferraxaría e quincalla.

En xeral, a banca, o comercio e a consignación de buques marcaron a súa traxectoria empresarial²³. O primeiro balance da casa de banca mostra unha estrutura de activo típica daqueles que exercían a actividade financeira (cadro 3), como indican as partidas de préstamos hipotecarios e de letras e obrigas de pagamento xunto cun mínimo inmovilizado. A liquidez estaba garantida polas contas de efectivo e pola débeda do Estado, un investimento moi líquido e tipicamente decimonónico (García López, 2003, pp. 154-161). Ademais de dirixir a súa propia casa de banca, figurou como conselleiro do *Crédito Gallego* entre os anos 1899 e 1900, responsabilidade que herdou o seu fillo Narciso Obanza Alonso. Así mesmo, ocupou o cargo de administrador da sucursal coruñesa do Banco de España entre os anos 1880 e 1885 (Lindoso, 2006a, pp. 247 e 325). Obanza tamén se beneficiou das súas conexións con Cuba para introducirse no lucrativo negocio da emigración americana²⁴. Neste ámbito canalizou remesas de emigrantes e figurou como consignatario de buques no porto da Coruña para navieiras nacionais e estranxeiras (Lindoso, 2006a, pp. 190-191)²⁵. Obanza faleceu no ano 1901 e os seus fillos Narciso e Fernando Obanza Alonso fixéronse cargo da casa de banca familiar²⁶.

Cadro 3.- Balance da casa Obanza o 1 de xaneiro de 1870 (en pesetas correntes)

PARTIDAS	PESETAS
Efectivo	26.633
Débeda do Estado	17.600
Préstamos hipotecarios	122.500
Letras e obrigas para o cobramento	46.850
Débedas de clientes	173.947
Mobiliario	1.200
Capital activo	388.730

FONTE: García López (2003, pp. 154-161).

Dentro do grupo dos industriais herculinos que derivaron o seu negocio cara á banca, destaca Fernando Rubine Firpo, pertencente a unha modesta familia de comerciantes²⁷. Os seus comezos empresariais están ligados ao seu traballo como dependente de escritorio na coñecida fábrica de vidrería da Coruña *La Coruñesa* (1849) (Lindoso, 2005, p. 58 e ss.). Logo da súa voda con Joaquina López Ceba-

²³ No ano 1875 figuraba entre os cincuenta maiores contribuíntes da Coruña (Lindoso, 1999, p. 165).

²⁴ A súa relación co banqueiro ourensán Manuel Pereiro Rey, iniciada no ano 1886, enmárcase no contexto de dirixir o fluxo de letras entre varias comarcas ourensás e a illa cubana (García López, 2003, pp. 154-161).

²⁵ O seu fillo Narciso Obanza Alonso tamén herdou esta posición e converteuse en axente da casa Pinillos e da Compañía Trasatlántica na década de 1920.

²⁶ *RMC, Libro de comerciantes particulares* nº 1, fol. 11 e ss, nº 3, fol. 72 e ss.

²⁷ Seguindo a biografía realizada por González Catoyra (1994, p. 587).

llos, comezou a exercer de encargado de libros no establecemento comercial do seu sogro. En paralelo, acumulou unha grande experiencia profesional ao facerse cargo da contabilidade de varias casas comerciais e corretaxes. Estes anos servíronlle de preparación para obter o nomeamento de corredor de comercio, unha profesión que exerceu pola súa conta na cidade ata o ano 1870, cando diversificou as súas actividades mercantís e se reconverteu en industrial, banqueiro e comerciante²⁸. A súa nova situación profesional e a herdanza materna actuaron como estímulo para fundar un notable negocio industrial. Levantou dúas fábricas na cidade, unha de produción de chocolates e outra de coitelos, cravos e puntas. Así mesmo, dedicouse ao comercio por xunto de froitos coloniais e de toda clase de mercadorías do país. Por outra parte, no terreo financeiro, ademais de exercer como comerciante-banqueiro a través da súa propia casa mercantil, entrou a formar parte do accionariado do *Banco de La Coruña* (1857) e do *Crédito Gallego* (1875)²⁹. Logo da integración dos seus xenros, Demetrio Salorio e Félix Rodríguez Sesmero, no negocio familiar, estableceron unha fábrica de elaboración de resortes e outra para o refinado de azucre e para a moenda de fariñas³⁰. Os intercambios comerciais con América completaron as súas variadas actividades mercantís que lle permitían gozar dun activo superior ao millón de pesetas no ano 1885³¹.

A finais dos anos oitenta, a casa comercial Rubine entrou nunha etapa delicada logo do pasamento do patriarca e do seu xenro Demetrio Salorio³². O volume de negocio da sociedade reduciuse e a marcha da compañía perdeu gas. A viúva de Demetrio –Joaquina Rubine López– intentou rescatar o negocio e por iso decidiu constituír unha nova sociedade mercantil xunto cos seus fillos e con Ricardo Silveira (Alonso, Lindoso e Vilar, no prelo)³³. A banca e a consignación de buques convertéronse na táboa de salvación da firma. O enorme auxe migratorio que experimentou o porto coruñés ao espertar o século XX, favorecido por unha drástica redución dos prezos das pasaxes e polo aumento do tráfico navieiro, proporcionoulles excelentes oportunidades de negocio aos comerciantes da cidade, e os Rubine tamén se beneficiaron diso (De Juana e Vázquez, 2005, p. 434).

²⁸ AHPC, Notario José Rosendo Carballo, por escritura de 22 de abril de 1871.

²⁹ A pertenza ao equipo directivo destas institucións tiña moitas vantaxes, xa que proporcionaba información da situación financeira de moitos comerciantes, prestixio persoal e maiores facilidades para obter crédito, unha vantaxe da que tamén gozaban outros comerciantes-banqueiros (Facal, 1986, p. 54).

³⁰ Rubine y Salorio (1871) e Rubine e Hijos (1876) foron as sociedades creadas como froito da sucesiva integración dos seus xenros (AHPC, Notario José Pérez Porto, leg. 10178 (1885), fol. 3467 e ss.; AHPC, Notario Ruperto Suárez, leg. 9719 (1867), fol. 1197 e ss.; AHPC, Notario José Rosendo Carballo, por escritura de 22 de abril de 1871; Archivo Municipal da Coruña (AMC), Padrón de 1894, sign. 1417, Barrio 10, fols. 30-42; AHPC, Manuel Devesa y Gago, por escritura de 20 de decembro de 1876). A sociedade Rubine y Salorio estivo situada entre as doce maiores sociedades en termos de capital social da cidade da Coruña entre os anos 1840 e 1889 (Coumes-Gay, 1877, p. 43).

³¹ Escritura de inventario e valoración, división e adxudicación entre os outorgantes do caudal sucesorio ao pasamento do Excmo. Sr. D. Fernando Rubine y Firpo (AHPC, José Pérez Porto (1885), leg. 10178).

³² Por escritura de 24 de agosto de 1897 (RMC, Libro provisional 1º de comerciantes individuais, nº 8, fol. 19).

³³ RMC, libro 9, folla 175, inscrición 1ª, fol. 95.

2.2. OS RESTANTES COMERCIANTES-BANQUEIROS PROVINCIAIS NO SÉCULO XIX

A presenza dos comerciantes-banqueiros no resto da provincia coruñesa resultou notable non tanto desde o punto de vista numérico como cualitativo, dado que a miúdo gozaban dun monopolio ou dun oligopolio na localidade, á marxe do circuíto das institucións financeiras que elixían cidades máis grandes para a súa implantación. Na Compostela do século XIX, Olimpio Pérez e a casa mercantil fundada por Simeón García, ambos os dous de raíces cameranas, monopolizaron en gran medida o mercado financeiro local³⁴. A decadencia da produción téxtil e gandeira do val de Cameros exerceu de factor de expulsión na emigración dos seus efectivos cara ao resto da Península. A casa Olimpio Pérez fortaleceu a súa especialización bancaria durante o século XX, mentres que os Simeón desenvolvían unha operativa moi particular na que o comercio continuou desenvolvendo un relevante papel nas actividades do grupo financeiro.

O éxito de Simeón García de Olalla y de la Riva descansou na acertada combinación de dúas actividades: o comercio de tecidos e a banca³⁵. Simeón emigrou desde Cameros a Santiago no ano 1845, e case unha década despois asumiu a dirección dos negocios do seu irmán Timoteo. Os primeiros anos resultaron decisivos para establecer unha serie de conexións persoais e comerciais nas que baseou a súa futura rede de distribución de tecidos en Galicia e a súa incipiente rede bancaria. Empezou traballando como meritorio no comercio de tecidos de Cayetana Ramos en Santiago, onde estableceu relacións empresariais e familiares co sobriño do patrón, o leonés José Nieto Ozores. Tamén fixo vínculos familiares co seu paisano Jorge de la Riva, quen desempeñou un papel determinante no desenvolvemento da súa compañía mercantil. Así, Nieto converteuse nun puntal para expandir os negocios fóra da rexión³⁶ e De la Riva constituíu un apoio decisivo na súa introdución no mercado galego.

Simeón imitou a operativa catalá á hora de estender as súas redes mercantís, xa que se asociaba baixo a forma dunha compañía comanditaria ou colectiva con comerciantes da poboación onde pretendía introducirse³⁷. A casa matriz compostelá actuaba polo xeral como socio capitalista cun poder dominante e interventor sobre a nova compañía. En cambio, os partícipes locais exercían de socios xerentes ou industriais a cambio dunha porcentaxe dos beneficios, aínda que ás veces tamén podían impoñer un pequeno capital. Baixo esta fórmula crearon nas principais poboacións de Galicia sociedades habitualmente comanditarias que actuaban como

³⁴ O val de Cameros (A Ríoxa) nutriu de nomes relevantes a burguesía galega do século XIX (Mariño, 2004).

³⁵ Véxase tamén o traballo de Facal (2005) sobre a formación do grupo empresarial Simeón.

³⁶ Nieto trasladouse a Barcelona onde se integrou na compañía *Comá, Ciuró, Clavell y Cía.* no ano 1871. Simeón, a través de Nieto, transformouse en cliente da firma catalá "*la casa de comisiones de Barcelona por excelencia*" (Prat, 2005). Finalmente, Nieto asociouse á casa Simeón baixo a razón de *Nieto García y Riva* (1877), que se converteu no distribuidor dos tecidos comprados ás fábricas catalás en Galicia.

³⁷ Esta forma de comercialización tamén foi posta de manifesto por Carmona (1990 pp. 211-212). Véxanse tamén Prat (2005) e Muset (1988, 1997) acerca dos medios empregados polo comercio catalán para introducirse no mercado peninsular nos séculos XVIII e XIX.

sucursais do grupo Simeón. O mesmo comportamento repetiuse no mercado extrarrexional ao establecer filiais en Barcelona, en Madrid, en Santander, en Bilbao e en Oviedo, entre outras.

No período de entre guerras Simeón completou a súa estratexia expansiva, de tal maneira que os beneficios das filiais se converteron nunha partida cada vez máis importante dos ingresos. Conforme Simeón tecía a súa rede comercial, tamén desenvolvía a súa actividade bancaria. A rede de distribución de tecidos de algodón, de lá, de seda e doutras fibras empregábase para establecer correspondencias en distintas localidades. As contas correntes que Simeón abría aos seus representantes e clientes adquiriron o dobre carácter de comercial e bancarias³⁸ (García e López, 2003, pp. 255-300). A medida que crecía o papel de axente financeiro da casa, xa non resultaba tan necesaria a formación de sociedades para expandirse noutras localidades. Así, empezaron a aplicarse outras fórmulas relacionadas coa súa faceta de prestamista³⁹.

Polo tanto, a casa Simeón destacou pola súa proxección rexional e extrarrexional desde o século XIX ao establecer varias sucursais en distintos puntos da Península, o que a diferenciaba das outras casas de banca rexionais. O crecemento da firma resultou imparable e os seus resultados contables no ano 1905 superaban os do *Crédito Gallego*. A progresión espectacular dos seus beneficios (no ano 1906, 58.802 pesetas, e no ano 1909, 160.000 pesetas) só foi superada pola caixa herculina e por algunhas sucursais galegas do Banco de España⁴⁰. En paralelo, a casa Simeón exerceu de correspondente do *Banco Español del Río de la Plata* no lucrativo negocio da recepción das remesas da emigración, cando menos desde principios da década de 1920 (García López, 2003, p. 276). Transporte, electricidade e comercio tamén atraeron o seu interese (Carmona e Pena, 1985, p. 40). Investiu en varias firmas galegas como *La Lealtad* (1899), *Gas y Electricidad de Santiago* (1902), *J. Riva y García* (1857) e *Riva Artola y Cía.* (1866), ás que se engadiron outras durante o período de entre guerras.

Compostela tamén acolleu outra importante casa de banca axiña interesada polo movemento migratorio. Trátase da casa de banca fundada por Francisco Rodríguez Arijón, que prolongou a súa existencia a través do seu xenro Manuel Pérez Sáenz e dos seus descendentes. Arijón posuía un taller de cerería, pero exercía de prestamista fronte a algúns labradores e/ou posuidores de gando, apoiando, neste último caso, os seus propios intereses gandeiros. Tamén realizou algunhas expedicións a Latinoamérica que lle serviron para establecer contactos que logo reforzaron os seus sucesores. Así, o seu xenro triplicou as cifras do caudal da sociedade converténdose nun dos grandes exportadores de gando vacún galego a Inglaterra (Facal, 2003, pp. 3-4). Ademais, traficaba con peles, azucre, cacao, aceite, xabón e augar-

³⁸ A sucursal herculina non contou cunha sección bancaria debido, se cadra, á xa abundante competencia doutros intermediarios financeiros na capital herculina.

³⁹ Por exemplo, *Ogea y Fernández* (1876) de Ferrol púxose en marcha cun capital formado en gran parte polos tecidos adquiridos a crédito do establecemento de *Simeón García y Cía.* (Lindoso, 2006a, pp. 178-179).

⁴⁰ AHUSC, *Diario Viuda e Hijos de Simeón García (Santiago), 1906-1907, 15-7-1909 a 22-4-1910.*

dentes; adquiriu participacións significativas en varios buques e investiu en sociedades de seguros. Unha gran variedade das iniciativas financeiras e ferroviarias da cidade atoparon eco na súa carteira, xunto co investimento en infraestruturas nacionais e en débeda pública. Os seus vínculos co sector industrial, sobre todo o coiro e a salgadura, desenvolvíanse no marco da súa actuación financeira ao intervir como provedor de capital nestes negocios (Facal, 2003, pp. 3-4).

Os seus negocios foron continuados polos seus dous fillos varóns –Olimpio e Cándido Pérez Rodríguez– baixo a razón social de *Hijos de Pérez Sáenz*. As compañías eléctricas, os servizos de vapores para o transporte de mercadorías e de pasaxeiros, o proxecto do ferrocarril central de Galicia, unha fábrica de tecidos de liño, unha fábrica de papel mecánico e a *Editorial Compostelana* constituíron as súas principais participacións societarias a partir da década de 1870. Alcanzaron o punto álxido da súa traxectoria nas finanzas rexionais cando se converteron en administradores da sucursal do Banco de España en Santiago. Desta forma recoñecía-se e consolidábase a súa posición no sector. A seguinte xeración continuou a tradición familiar. Os fillos de Olimpio Pérez proseguiron os negocios iniciados polo seu bisavó baixo a razón de *Olimpio Pérez e Hijos* (1909)⁴¹.

Outros comerciantes banqueiros coma os Núñez en Betanzos ou os Tenreiro en Pontedeume tamén actuaron como correspondentes do Banco de España, un cargo que lles abriu portas nos negocios financeiros. Ambos os dous desenvolvían actividades industriais de forma paralela ás bancarias, pero a súa traxectoria foi moi diferente. Os irmáns Tenreiro, orixinarios de Pontedeume e emigrados a Cuba na primeira metade do século XIX, investiron ao seu regreso parte do capital indiano na creación do curtidoiro *La América* (R. Pardo y Cía.), cuxa existencia se prolongou no século XX. A liquidez que xerou esta actividade animounos a combinar a curtición de peles co negocio bancario⁴². A firma actuou durante anos como a casa de banca por antonomasia de Pontedeume. A endogamia que caracterizou o tecido empresarial galego decimonónico tamén se manifestou nesta firma. O matrimonio dun dos irmáns Tenreiro con Matilde Rodríguez Pastor sentou as bases dunha longa e fluída relación coa casa bancaria coruñesa de *Sobrinos de José Pastor y Cía.*, precursora do *Banco Pastor*, banco co que traballaron habitualmente.

Outra casa de banca autóctona de indubidable importancia foi a rexentada pola familia Núñez de Betanzos que, xunto coa Etcheverría, dominaron o mercado de crédito brigantino durante o século XIX. O capital indiano repatriado polos irmáns Núñez Taboada a mediados do século XIX deu lugar a un próspero negocio industrial e bancario⁴³. Comezaron na década de 1870 coa venda por xunto e polo miúdo

⁴¹ RMC (1909), n° 349, libro 14, fol. 77 e ss.

⁴² RMC (1905) n° 349, libro 14, fol. 77 e ss.

⁴³ Os irmáns Núñez Taboada emigraron a Montevideo onde fundaron a sociedade *Núñez y Hermanos*, que rexentaba varios establecementos de teas, xéneros de punto e alfombras. A finais dos anos sesenta, decidiron regresar á súa terra natal coas súas respectivas familias, onde estableceron un verdadeiro *holding* familiar. Os negocios estaban situados nas rúas *Buenos Aires* e *Misiones* de Montevideo (Documentación do arquivo particular de José Núñez-Varela Lendoiro).

de cereais e de tecidos en Betanzos que combinaban co negocio bancario⁴⁴. Máis tarde, ampliaron o seu raio de acción aos negocios de ferraxaría e de mercería⁴⁵. Unha fábrica de chocolate movida por un motor de petróleo puxo o broche de ouro a este próspero arranque mercantil a mediados dos anos noventa⁴⁶.

A finais da centuria, a seguinte xeración recolleu a testemuña dos negocios familiares e comezou a aplicar unha nova estratexia empresarial. Neste sentido, puxeron un especial interese en tres tipos de actividades, onde concentraron a maior parte dos seus esforzos e investimentos na nova etapa: na banca, na electricidade e na madeira. Estes tres ámbitos resultaron determinantes para o futuro da casa comercial que viviu uns anos dourados ata a Guerra Civil. A maior dimensión dos negocios e a conseguinte necesidade de acometer elevados investimentos impulsou a creación de novas sociedades mercantís de maior envergadura. As empresas do grupo familiar mantíñanse interrelacionadas, aínda que a estrutura do grupo xirou en torno a dous piares centrais: *Hijos de A. Núñez* (banca e comercio) e *Industrias Núñez* (industria) (Alonso, Lindoso e Vilar, no prelo). Comezara a especialización, aínda que a banca seguía ligada en gran medida ao comercio.

Curiosamente, Betanzos acolleu o nacemento da casa de banca galega de maior antigüidade que chegou ata os nosos días: o *Banco Etcheverría*. A súa orixe remóntase ao ano 1717 (García López, 2003, pp. 123-125) e debe o seu nome aos seus fundadores –a familia Etcheverría–, que compatibilizou con éxito as actividades do tradicional curtido de peles e a intermediación bancaria ata o século XX, cando se abandonou a primeira. O fundador da dinastía familiar foi o francés Jean D’Etcheverry ou Etchevers, nado no ano 1685 (González Catoyra, 1997, pp. 212-214). A súa instalación primitiva no Betanzos setecentista obedeceu á atracción que o tráfico comercial de peles coas colonias americanas exerceu sobre o patriarca da saga. No século XIX deron o salto á produción establecendo o curtidoiro *La Magdalena* (1837) na localidade. Antes da Guerra Civil, a elaboración de coiros converteuse na insignia da casa máis cá actividade bancaria (Alonso, Lindoso e Vilar, no prelo). Tamén explotaron outras actividades cunha menor intensidade: un muíño de gran, unha fábrica de louza ordinaria e o transporte fluvial. Porén, o seu negocio estrela –o curtidoiro– languideceu e foi abandonado a mediados da década de 1920 nun contexto de declive xeral do coiro galego. En cambio, a banca rexurdiu con forza, aínda que a gran distancia doutros competidores bancarios, durante o século XX.

Os comerciantes-banqueiros decimonónicos mantiñan varios puntos en común. O carácter familiar das súas empresas constituíu o seu vínculo máis evidente. Así mesmo, o capital indiano deulles soporte a varias destas casas de banca. Case todos actuaban no mercado local e só algúns estenderon os seus tentáculos máis alá deste. Pastor, *Olimpio Pérez e Hijos* e Simeón García desempeñaron con éxito esta fun-

⁴⁴ AMB, *Subsidio da Matrícula Industrial*, 1872-1873, sig. 1743.

⁴⁵ AMB, *Subsidio da Matrícula Industrial*, 1877-1894, sig. 1743 e 1745.

⁴⁶ AMB, *Subsidio da Matrícula Industrial*, 1894-1895, sig. 1745.

ción e mantivéronse máis tempo no mercado. Tamén compartiron a característica de investir inicialmente as súas ganancias no comercio para despois dedicarse á intermediación financeira e a participar en iniciativas industriais. Outros comerciantes reconvertidos en banqueiros –como Obanza– non lograron un éxito similar. A sorte dos industriais transformados en comerciantes-capitalistas tamén resultou desigual: algúns foron antes industriais ca banqueiros, mentres que outros separaron claramente ambos os dous tipos de actividades. A casa Rubine simboliza o primeiro caso, mentres que a casa brigantina Núñez é representativa do segundo. En conxunto, case todos os comerciantes-banqueiros herculinos actuaron como axentes receptores das remesas americanas, e a gran maioría investiu en negocios relacionados coa pesca e coa salgadura e/ou co coiro, actividades tradicionais no tecido industrial da rexión.

3. A TRANSFORMACIÓN DO SISTEMA BANCARIO NA PROVINCIA DA CORUÑA (1914-1936)

Durante o período comprendido entre a Primeira Guerra Mundial e a Guerra Civil o sistema bancario en España experimentou intensos cambios que desembocaron nunha profunda modernización do sector. O proceso veu impulsado pola acumulación de capitais en dúas conxunturas excepcionais: dun lado, a repatriación de capitais logo da perda definitiva das colonias antillanas no ano 1898, e doutro, os grandes beneficios especulativos xerados durante a gran guerra, ao abeiro da bonanza económica vivida por algunhas industrias españolas que aproveitaron a posición neutral do país. O desenvolvemento dalgúns sectores produtivos esixiu un aumento da circulación monetaria á vez que impulsou a demanda de novos produtos financeiros (Arroyo, 2003, p. 23). A principios dos anos vinte, unha vez terminado o conflito europeo, o reaxuste dos mercados implicou a liquidación dun bo número de entidades bancarias. Logo deste difícil período, o sector bancario entrou de novo nunha frutífera etapa de expansión que converteu a banca nun dos eixes centrais do poder económico en España.

Os cambios lexislativos, asociativos e competitivos producidos no marco dun proceso de crecemento e de transformación estrutural da economía española conduciron á modernización do sector financeiro. A Lei de ordenación bancaria do ano 1921 marcou un punto de inflexión na organización e na actuación da banca privada en España, ao impulsar os procesos de concentración bancaria, a colaboración entre as entidades e a súa expansión cara a outras rexións do país. Todo isto sucedía nunha época de intensa carreira competitiva por captar o pasivo na que o Goberno trataba de expandir por todos os medios posibles o *bo costume de aforrar* entre as familias traballadoras. Dentro deste contexto xeral, moitas casas de banca tradicionais transformáronse en sociedades anónimas ou foron absorbidas por grandes entidades bancarias. A figura do comerciante-banqueiro non desapareceu,

pero os superviventes tiveron que buscar novas estratexias empresariais para facerlles fronte aos cambios acontecidos no mercado. Dun lado, o desenvolvemento económico esixía unha maior capacidade de intermediación e de novos produtos financeiros. Doutro, os banqueiros privados non podían facerlle fronte ao aumento da competencia xerada pola expansión da rede de sucursais dos grandes grupos bancarios.

Nas décadas previas á Guerra Civil, Galicia experimentou unha notable transformación económica que lle permitiu recuperar parte do tempo perdido en termos de modernización tanto industrial coma agraria (Carmona, 2001; Fernández Prieto, 2000). No transcurso deste período consolidáronse algunhas das claves tecnolóxicas da segunda revolución industrial que permitiron substituír pouco a pouco as velhas estruturas típicas da sociedade tradicional⁴⁷. O desenvolvemento destas actividades favoreceu sobre todo a economía do litoral atlántico onde estaban situadas as dúas cidades máis dinámicas da rexión: A Coruña e Vigo. A instalación de novas fábricas alterou a estrutura ocupacional da poboación nestas zonas, á vez que melloraba a súa capacidade adquisitiva e que empezaba a transformar os seus hábitos de consumo, favorecendo o desenvolvemento doutras actividades comerciais e financeiras⁴⁸. Os comerciantes-banqueiros galegos tiveron que despreñar diferentes estratexias para afrontar as novas condicións de mercado. A principios dos anos vinte rexistrábanse na provincia da Coruña preto de corenta e cinco casas de banca, o 33% do conxunto de Galicia (Alonso, 1984). Pero o decaemento do negocio migratorio, a maior complexidade das operacións financeiras e a crecente competencia no sector constituíron os seus principais talóns de Aquiles desde a Primeira Guerra Mundial. Dentro deste contexto, os banqueiros privados convertéronse en obxectos de desexo dos grandes grupos bancarios que aumentaron a súa presenza en Galicia, pasando de doce a trinta e sete oficinas entre os anos 1923 e 1933, moitas delas fundadas pola absorción de antigas casas de banca. A busca de mecanismos de supervivencia conduciu a un proceso de selección onde só os comerciantes-banqueiros cunha maior capacidade de resposta aos cambios do mercado lograron sobrevivir.

En xeral, os comerciantes-banqueiros coruñeses seguiron tres principais estratexias de supervivencia durante o período: o abandono definitivo dos negocios financeiros, a subsistencia no ámbito local ou a transformación en sociedades anónimas. Agora ben, aínda que algúns lograron sobrevivir ao período de entre guerras, a maioría acabou por sucumbir máis tarde –nos anos cincuenta– á tentadora oferta de grandes bancos. Só dúas firmas autóctonas da provincia lograron chegar ao século XXI como entidades independentes: o Banco Echeverría e o Banco Pastor.

⁴⁷ A base desta modernización xirou en torno a actividades relacionadas coa pesca, coa conserva e cos estaleiros, así como tamén con outras industrias derivadas (Fernández Prieto, 2005, p. 165; Carmona e Nadal, 2005, cap. 4 e 5).

⁴⁸ Sobre estes aspectos, véxase Maixé [dir.], Vilar e Lindoso (2003, cap. 2).

Cadro 4.- Resultados dos principais banqueiros da provincia da Coruña, 1930-1950 (en pesetas correntes)

<i>Rubine e Hijos SL (1876)</i>	1930	1935	1940	1950
Recursos propios	1.254.277	750.096	661.746	393.688
Perdas e ganancias	91.016,17	36.313	39.471	18.630
Activos totais	1.520.726,16	886.994	724.708	664.176
<i>Hijos de E. Cervigón (1920)</i>	1932	1935	1940	
Recursos propios	501.000	501.000	501.000	
Perdas e ganancias	35.982	(I) 25.927,63	118.705	
Activos totais	1.868.064	(I) 2.199.424	2.665.787	
<i>R. Pardo y Cía. (1864)</i>	1930	1935	1940	1950
Recursos propios	500.000	500.000	500.000	515.548
Perdas e ganancias	-54.562	-45.638	nd	11.226
Activos totais	1.042.068	891.572	826.366	637.804
<i>Narciso Obanza (1869)</i>	1930	1935	1940	
Recursos propios	684.923	707.883	617.337	
Perdas e ganancias	-30.726	-30.558	nd	
Activos totais	4.694.846	3.643.245	3.866.056	
<i>Banca Etcheverría (1717)</i>	1933	1935	1940	1950
Recursos propios	322.000	nd	500.000	500.000
Perdas e ganancias	nd	nd	-101.185	24.333
Activos totais	1.905.000	nd	3.794.479	9.925.541
<i>Hijos de A. Núñez (1903)</i>	1933	1935	1940	1950
Recursos propios	519.732	520.282	570.656,58	1.731.656
Perdas e ganancias	34.158	25.492	23.157	116.233
Activos totais	10.889.078	11.831.092	18.524.973	48.983.258
<i>Hijos de Simeón García (1854)</i>	1932	1935	1940	1950
Recursos propios	10.051.542	10.035.281	13.815.055	22.466.024
Perdas e ganancias	660.000	390.000	840.000	747.075
Activos totais	21.602.542	21.378.000	26.846.381	44.271.007
<i>Olimpio Pérez e Hijos (1909)</i>	1932	1935	1940	1950
Recursos propios	4.051.699	4.076.442	3.856.225	9.199.700
Perdas e ganancias	203.573	226.029	695.854	1.592.448
Activos totais	29.613.671	31.024.434	122.080.355	175.597.765
<i>Banco Pastor (1925)</i>	1930	1935	1940	1950
Recursos propios	23.000.000	25.000.000	22.000.000	203.085.000
Perdas e ganancias	2.832.912	2.376.019	2.505.011	20.612.963
Activos totais*	188.167.000	208.141.000	(II) 369.505.000	1.656.771.000
<i>Banco de La Coruña (1918)</i>	1930	1935	1940	1950
Recursos propios	11.683.000	12.338.000	(II) 12.243.000	30.916.000
Perdas e ganancias	661.212	465.000	666.000	(III) 5.130.000
Recursos totais*	61.717.000	52.295.000	(II) 147.746.000	725.028.000

(I) Datos do ano 1933, (II) datos do ano 1941, (III) datos do ano 1949.

* Agregación de recursos propios e pasivo acreedor.

FONTES: Archivo do Reino de Galicia (ARG), Facenda, Contribución de Utilidades, legs. 687, 690, 702, 768, 769, 771, 772, 774, 776, 779, 780, 782, 784, 785, 786, 1723, 1786, e 1790; Anuarios Financeiros e de Sociedades Anónimas; Arroyo (1999) e García López (2003).

3.1. ABANDONO DAS ACTIVIDADES BANCARIAS E REORIENTACIÓN DO NEGOCIO EMPRESARIAL

Co estoupido da Primeira Guerra Mundial o horizonte dos negocios financeiros e comerciais dos banqueiros privados coruñeses ensombreceuse. A partir daquela, o rumbo tomado por cada empresa veu marcado pola súa propia traxectoria históri-

ca, xa que cada compañía optou por especializarse nos sectores coñecidos con maiores expectativas de crecemento.

A casa *Rubine e Hijos* especializárase desde finais do século XIX en dúas actividades con excelentes perspectivas de futuro: os negocios financeiros e a consignación de buques. Á vez, abandonara pouco a pouco algunhas das actividades industriais iniciadas no século XIX, como a fabricación de fariñas, cravos e puntas. A parálise migratoria ocasionada pola Primeira Guerra Mundial estendeuse durante algúns anos debido ás crises posbélicas⁴⁹ (Vázquez, 2000, p. 289; De Juana e Vázquez, 2005, p. 434). As correntes migratorias víronse condicionadas polas sucesivas expansións e contraccións da demanda laboral e da actividade nos países de acollida tradicionais. Máis tarde, co estoupido da crise do ano 1929, comezou a fin do ciclo migratorio galego anterior á Guerra Civil (Carmona, 2001, p. 26). En consecuencia, suprimíronse varias das principais liñas de vapores co que se freou a actividade portuaria. O negocio de transporte de pasaxeiros e a xestión das remesas e os xiros xa no resultaban actividades tan lucrativas coma en anos anteriores.

Por outro lado, o desenvolvemento económico do país esixía unha maior capacidade de intermediación e de novos produtos financeiros que os pequenos comerciantes-banqueiros no tiñan capacidade para ofrecer. En paralelo, coa consolidación e articulación do mercado bancario nacional as pequenas casas de banca de carácter familiar perderon peso e cota de mercado. Polo tanto, a sociedade *Rubine e Hijos* tivo que afrontar unha profunda crise nas súas dúas áreas principais de negocio: a consignación e as finanzas. A acumulación de perdas derivou nunha redución do seu activo desde 1,5 a 0,89 millóns de pesetas entre os anos 1921 e 1935 (cadro 4). Durante estes anos a sociedade abandonou os negocios bancarios e reorientou a totalidade dos seus recursos cara á consignación, unha actividade que segue exercendo na actualidade.

Pola súa parte, *R. Pardo y Cía.* abandonou a actividade bancaria na década de 1920. No ano 1927 a sociedade traspasoulle o seu negocio bancario ao Banco Pastor, que abriu unha sucursal en Pontedeume (1928)⁵⁰. Tampouco resultaba moi boiante a marcha do curtidoiro que acababa de introducir os procedementos de curtición rápida que se viñan impoñendo no mercado mundial desde a década de 1880⁵¹. Logo do período excepcional da Primeira Guerra Mundial, onde a fábrica aproveitou a favorable conxuntura para abastecer de sola as intendencias militares, a compañía entrou en crise⁵². Este declive descansaba en varios factores. Por un lado, o pasamento dalgúns membros da familia deixou un baleiro de poder na empresa que se encontrou con graves problemas para atopar persoal adecuado para facer-

⁴⁹ Con todo, entre os anos 1919 e 1936 embarcaron 485.972 emigrantes.

⁵⁰ Nicolás Barro, antiga casa correspondente do Banco Pastor en Pontedeume, cedoulle tamén o seu negocio e o local ao banco herculino (*Dossier familiar Tenreiro*).

⁵¹ *RMC*, libro 14, folla 349, fol. 77 e ss. A elaboración tradicional de curtidos en Galicia iniciara un proceso de decadencia nos anos oitenta do século XIX. En xeral, os curtidoiros galegos obtiveron un escaso éxito na transición cara ao novo proceso de curtición industrial (Carmona e Nadal, 2005, p. 220).

⁵² *Dossier familiar Tenreiro*.

se cargo da xerencia. Por outro, a proxección económica e social da familia Tenreiro seguiu camiños distintos á actividade tradicional de curtidos. O baleiro de poder, a crise do sector e a conxuntura adversa dos anos trinta xeraron continuas perdas que conduciron a empresa a un lánguido proceso de decadencia que acabaría co seu peche logo da Guerra Civil (cadro 4).

En definitiva, este primeiro grupo de comerciantes-banqueiros, cunha traxectoria histórica de éxito, atopáronse con dúas grandes dificultades no período. No ámbito interno, enfrontáronse a cambios xeracionais no negocio familiar. En paralelo, tiveron que afrontar os cambios na economía en xeral, que conduciron á crise a algunhas das súas actividades comerciais e industriais, e no mercado financeiro en particular, froito da maior complexidade das operacións e do aumento da competencia. Ambos os dous efectos derivaron nun abandono das actividades bancarias á vez que se especializaban noutros negocios máis rendibles e con mellores expectativas de futuro.

3.2. ESTRATEXIAS DE SUPERVIVENCIA NUNHA CONXUNTURA ADVERSA

Algúns comerciantes-banqueiros foron capaces de superar con éxito os tempos de incerteza do período de entre guerras. Outros só intentaron atrasar o inevitable. A casa Obanza –un dos establecementos bancarios con resultados máis modestos nas décadas anteriores á Guerra Civil– proseguíu a estratexia iniciada polo su fundador. Así, o seu sucesor –Narciso Obanza Alonso– combinou os negocios bancarios con outras actividades industriais e comerciais. Por unha parte, investiu nas principais empresas do complexo marítimo-pesqueiro provincial, como a *Pesquería Gallega* (1906) e *La Iniciadora* (1906) (Lindoso, 2006a, pp. 148-149 e 201). Por outra, explotou directamente un almacén de peles e unha fábrica de sebo ata o ano 1934⁵³. O seu afortunado matrimonio con Elena Miranda Santos, descendente de dúas coñecidas sagas empresariais coruñesas, permitiulle estreitar vínculos mercantís co sector téxtil e co pesqueiro-conserveiro da praza⁵⁴. Pero o seu negocio bancario entrou nunha fase complicada ata o punto de ter case que suspender os pagamentos nalgunha ocasión (Arroyo, 1999, pp. 38-41). Malia as dificultades, o establecemento comercial resistiu apoiándose en dous puntais. En primeiro lugar, as antigas relacións de confianza da casa, herdadas do seu predecesor, garantiron unha pequena clientela fiel, aínda que con tendencia a diminuír⁵⁵. Os recursos alleos, e en particular as contas acreedoras de clientes que alcanzaban o 80% do pasivo, constituíron a principal fonte de financiamento da casa bancaria durante o período (grá-

⁵³ ARG, *Hacienda, Contribución de Utilidades, leg. 780 (1930-1934)*.


⁵⁴ Véxase Lindoso (2006a, p. 186). A familia Miranda dominaba dúas das tres grandes empresas téxtiles da época: a *Primera Coruñesa* e *Hilados y Tejidos de Vilasantar*, mentres que os Santos eran unha familia de gran tradición bancaria.

⁵⁵ De feito, durante este período traballou case en exclusiva cun puñado de empresas da praza (*Memoria sucursal del Banco de Bilbao en La Coruña, 1933*). Para consolidar a súa rede de influencias, Narciso Obanza exerceu como membro destacado da Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña onde ocupou o cargo de vicepresidente segundo no ano 1932 (Fernández, 1987, pp. 95-110).

fica 1). En segundo lugar, co fin de garantir a súa supervivencia, Obanza ofreceulle á súa reducida carteira de clientes unhas condicións financeiras especiais por baixo das mínimas establecidas polo Consello Superior Bancario. Estas actuacións, que afectaban sobre todo ás remuneracións das contas correntes, permitíronlle soste-lo volume de negocio á conta de encarecer os gastos financeiros, pero tamén levantaron suspicacias entre os seus competidores⁵⁶.

En xeral, a banca Obanza sostivo un lento declive no período de entre guerras. Os seus recursos propios apenas creceron, mentres que o pasivo esixible aumentou de forma significativa. En paralelo, o capital social reduciuse desde as 800 mil ata as 617 mil pesetas entre os anos 1922 e 1923, importe que se mantivo ata a súa liquidación (cadro 4). Logo da crise dos anos trinta, reorientou a súa carteira de investimento cara aos fondos públicos para evitar riscos, á vez que tratou de impulsar os saldos comerciais, representados polas partidas de efectos e créditos. Pero as súas iniciativas tiveron un escaso éxito. Ante a redución da clientela e os escasos ingresos do negocio bancario, emprendeu unha última estratexia desesperada⁵⁷ (Arroyo, 1999, pp. 38-41). A sociedade perdeu o seu carácter de entidade de depósito e pasou a depender da toma de papel acreedor de bancos e de banqueiros de doado redesconto no Banco de España, unha actividade que lle permitiu obter a liquidez necesaria para manter os seus saldos de investimento.

Gráfica 1.- Recursos alleos en porcentaxe do pasivo total (en millóns de pesetas correntes)



FONTES: ARG, *Hacienda, Contribución de Utilidades*, legs. 687, 690, 702, 768, 769, 771, 772, 774, 776, 779, 780, 782, 784, 785, 786, 1723, 1786, e 1790; García López (2003, p. 125).

⁵⁶ Aínda que a sucursal do Banco de Bilbao na Coruña tamén denunciou que outros bancos con máis recursos para competir que Obanza tampouco cumpriran as condicións do Consello Superior Bancario (*Memoria sucursal del Banco de Bilbao en La Coruña, 1932 e 1934*).

⁵⁷ Na década de 1930, a entidade pagaba os soldos do clero e actuaba como consignataria da navieira Pinillos, actividades que servían para completar os escasos ingresos do negocio bancario (García López, 2003, pp. 154-161).

O estoupido da Guerra Civil puxo punto e final á súa traxectoria. No ano 1942 a casa Obanza contaba cun reducido cadro de persoal de oito persoas e os seus recursos totais só alcanzaban os 4 millóns de pesetas, unha cifra moi afastada doutras entidades bancarias do mercado local⁵⁸. Narciso abandonou o negocio ante as dificultades económicas da posguerra e a morte dos seus irmáns Elisa e Fernando. Vendeulle o nome comercial e parte do activo e do pasivo da casa ao Banco Español de Crédito por medio millón de pesetas. O laborioso proceso de liquidación finalizou no ano 1946 (García López, 2003, pp. 154-161).

Mentres que a pequena banca coruñesa se debilitaba dentro do novo mapa financeiro rexional, as casas bancarias dos Núñez e dos Etcheverría de Betanzos mantiñan o control da maior parte do mercado local. Unha das súas principais vantaxes descansou na tardía chegada da rede de oficinas da banca extrarrexional ás localidades de menor tamaño. De feito, só o *Banco de La Coruña* instalou sucursal na cidade brigantina antes da Guerra Civil, aínda que tampouco podemos esquecer a oficina aberta pola *Caja de Ahorros de La Coruña* no ano 1918.

A banca Núñez contaba neste período cun volume de negocio e cunha carteira de clientes moi superior á de Etcheverría (cadro 4). En realidade, *Hijos de A. Núñez* convertérase nun verdadeiro *holding* de actividades fabrís e comerciais moi diversas. Os seus negocios abarcaban desde o comercio de coloniais, téxtiles, mobles, alfombras, louza e mercería ata a fabricación de chocolate, de artigos de viaxe, de xergóns metálicos e das actividades bancarias (cadro 5)⁵⁹. En paralelo, a familia Núñez teceu unha extensa rede de contactos e de intereses mercantís na cidade e nos seus arredores que favoreceron a prosperidade do negocio bancario (gráfica 1).

Cadro 5.- Grupo financeiro e industrial *Hijos de A. Núñez SRC* (1903-1935)

ALMACÉNS DE MOBLES E VARIOS	ALMACÉNS DE TECIDOS E FOGAR	CASA DE BANCA
Camas de ferro e de madeira, berces, mesas, centros, cadeiras, lavabos, espellos e toda clase de mobles. Hules, xutes, alfombras e tapetes. Artigos de viaxe, de regalo e perfumería nacional e estranxeira.	Tecidos, camisería fina, botonduras e bixutería, mercería, paquetería, quincalla, mobles, louza, vidro, alfombras, artigos para a viaxe, para a casa e de regalo.	Compravenda de toda clase de valores, billetes e moeda estranxeira. Cartas de crédito e cobramento de cupóns. Xiros, ordes telegráficas, cobramentos e descontos de letras sobre calquera praza de España e do estranxeiro.
FÁBRICA DE XERGÓNS METÁLICOS	FÁBRICA DE ARTIGOS DE VIAXE	FÁBRICA DE CHOCOLATES
Fábrica de xergóns fabricados con arames americanos e madeiras secas.	Baixo a marca <i>Brigo</i> . Baúis patentados de luxo, bolsas, maletas e caixas para a equipaxe.	Baixo a marca de <i>Chocolates Gallegos Núñez Piroto</i> . Barras de chocolate e chocolate a granel.

FONTE: AMB, *Subsidio da Matrícula Industrial*, 1903-1935.

A solidez do grupo empresarial e financeiro permitiu a supervivencia da banca Núñez ata os anos cincuenta. Pero os bos resultados obtidos non impediron que a

⁵⁸ Memoria sucursal del Banco de Bilbao en La Coruña, 1942.

⁵⁹ ARG, *Hacienda, Contribución de Utilidades*, legs. 683, 688, 690, 691, 779, 182, 783, 784, 786, 1787 e 1792.

casa comercial acabara por sucumbir a unha tentadora oferta de compra por parte dun dos grandes bancos do país. Esta operación estivo impulsada por factores de orixe interna e externa. Entre os primeiros, o impacto negativo da atomización do capital, ocasionado polo reparto das herdanzas, sobre a xestión empresarial das compañías e a falta dun herdeiro que se ocupase dos negocios, logo do pasamento do patriarca Antonio Núñez Piroto no ano 1945. No ámbito externo, a competencia dos grandes bancos e as maiores esixencias do mercado debuxaban, ás portas dos anos sesenta, un panorama con poucas perspectivas de futuro para as pequenas casas de banca. Así, no ano 1959 as antigas oficinas da casa de banca Núñez abriron as súas portas co nome de *Banco Central*⁶⁰.

Pola súa parte, Domingo Etcheverría Naveyra, fillo de Marcelino Etcheverría, tomou as rendas da empresa familiar no período de entre guerras (González Catoyra, 1997, pp. 212-214). O seu modesto volume de negocio no ano 1933 resultaba similar ao da casa Obanza (cadro 4). A diferenza deste último, a casa Etcheverría iniciou unha reforma estrutural da súa actividade nas décadas anteriores á Guerra Civil. Decidiu abandonar a elaboración de curtidos, que constituía a súa actividade principal ata a Primeira Guerra Mundial, para apostar pola especialización no negocio financeiro, logrando consolidar a súa posición no mercado, sobre todo na posguerra. Unha intensa política de captación de pasivo permitiulle multiplicar por doce o volume de contas correntes entre os anos 1933 e 1955. En paralelo, abriu unha conta de crédito no Banco de España que lle reportou maior liquidez para os seus investimentos, destinados sobre todo á compra de valores mobiliarios. En conxunto, a carteira de investimento alcanzaba preto do 75% dos activos totais no ano 1940, porcentaxe que convertía á Banca Etcheverría na entidade con maior coeficiente investidor do período dentro do grupo analizado (gráfica 2).


Respecto da banca compostelá, a progresión das contas de *Hijos de Simeón García* (Santiago) na primeira metade do século XX resulta sorprendente⁶¹. A súa política de expansión xeográfica ao abeiro da Lei do ano 1921 proporcionoulle bos resultados no longo prazo en termos de captación de clientes e de recepción de xiros americanos. Os beneficios obtidos polas súas filiais convertéronse na partida máis importante dos ingresos da sociedade entre os anos 1932 e 1955. O crecemento da casa Simeón descansou na fortaleza dos seus recursos propios, que alcanzaban case o 50% do pasivo total. Ningunha outra casa de banca gozou dunha porcentaxe tan elevada de capital social durante o período. Ademais, a firma explotou ao máximo a súa capacidade para captar pasivo nos anos previos á Guerra Civil. As contas acreedoras multiplicáronse por quince entre os anos 1905 e 1955. De feito, *Hijos de Simeón García* era a segunda casa de banca con maior volume de recursos

⁶⁰ Nesta operación só se vendeu a sección bancaria e a sociedade seguiu dedicada á fabricación e venda de móbiles e colgaduras, e á venda polo miúdo de téxtiles, fogar e obxectos de escritorio e papelería. A supervivencia destes establecementos comerciais e industriais mantívose ata preto do ano 1975 (AMB, *Subsidio de la Matrícula Industrial, 1960-1975, sig. 1750*).

⁶¹ Aínda que mantiña tenda aberta na Coruña, *Hijos de Simeón García y Cía.* non operaba en banca nesta praza. Con todo, pagaban contribución como banqueiros, pero facíano para gozar das vantaxes que a tarifa mínima reservaba para esta actividade (*Memoria de la sucursal del Banco de Bilbao en La Coruña, 1930*).

alleos na provincia da Coruña no ano 1935, só por detrás de *Olimpio Pérez*. A sección bancaria do grupo comezou o seu ocaso no ano 1958, cando o Banco Español de Crédito adquiriu todas as oficinas da sociedade *Hijos de Simeón García y Cía.*, agás a de Vigo⁶². Esta filial mantívose baixo o control do grupo familiar e transformouse na *Banca Simeón SA* no ano 1965⁶³ (Gómez e Martínez, 1992, p. 32).

Gráfica 2.- Porcentaxe da carteira de investimento respecto dos activos totais



NOTAS: A carteira inclúe o investimento comercial (efectos e créditos) e títulos. Non se puido incluír a *Hijos de Simeón García* de Santiago porque a agregación excesiva das partidas dos seus balances non permite obter a ratio calculada. No activo total de Olimpio non se tiveron en conta os valores nominais contabilizados ao final do balance porque distorsionan os resultados.

FONTES: ARG, *Hacienda, Contribución de Utilidades*, legs. 687, 690, 702, 768, 769, 771, 772, 774, 776, 779, 780, 782, 784, 785, 786, 1723, 1786, e 1790; García López (2003, p. 125).

Hijos de Olimpio Pérez SRC converteuse na casa de banca con maior volume de saldos acredores antes da Guerra Civil. Esta partida creceu desde os 16,4 ata os 36,3 millóns de pesetas entre os anos 1932 e 1940. A maior parte destes recursos destináronse á carteira de investimento industrial, unha das máis ricas do período xunto coa do grupo Pastor (cadro 6). Os seus principais investimentos concentráronse no sector bancario e na industria de dentro e de fóra da rexión. Debido ao peso da súa carteira de títulos, a casa bancaria acusou o impacto da conxuntura inestable dos anos trinta. Os vaivéns coincidiron coa paralización dos negocios de exportación e, sobre todo, co cesamento dos xiros americanos. Pero a mediados dos anos trinta as contas da sociedade recuperáronse a medida que a situación económica se normalizaba.

⁶² Adquiriu as oficinas das prazas de Ourense, de Vilagarcía e de Santiago (Arroyo, 1999, p. 69). A actividade comercial da filial viguesa continuou ata o mes de xuño do ano 1979 cando se acordou a súa disolución (García López, 2003, pp. 285-300).

⁶³ A principios dos anos oitenta a *Banca Simeón* pasou a formar parte do grupo Banco Exterior.

Cadro 6.- Principais investimentos de *Hijos de Olimpio Pérez*, 1920-1940

INDUSTRIA	FINANZAS/SEGUROS
Altos Hornos	Banco de Crédito Industrial
Duro Felguera	Banco de Crédito Local
Ebros	Banco de España
Pesquerías Cantábricas	Banco Exterior de España
Sociedad General Gallega de Electricidad	Banco Mercantil, Santander
Vagones frigoríficos	SERVIZOS
Explosivos	Castromil S.A.
Distribuidora Gallega de Electricidad	Tranvías Coruña
J. Valverde y Cía.	La Toja
Laforet y Cía..	Metro
León Valverde y Cía.	
Mengemor	

FONTE: ARG, *Hacienda, Contribución de Utilidades*, legs. 779, 780, 772, 784, 786 e 702.

Hijos de Olimpio experimentou unha evolución espectacular na posguerra, apoiándose no binomio recursos-investimento. A súa competitiva política de captación de pasivo permitiulle nutrir a súa carteira de investimento, que no ano 1940 superaba os 25,5 millóns de pesetas. En conxunto, os activos totais da entidade pasaron de 29,6 a 45 millóns de pesetas entre os anos 1932 e 1940 (cadro 4). O aumento no volume de negocio recomendaba a súa transformación en sociedade anónima, operación que tivo lugar a principios do ano 1957⁶⁴. A casa Olimpio Pérez avantaxaba a todas as demais, agás no apartado dos recursos propios que estaba encabezado pola banca Simeón (cadro 7). En consecuencia, durante os anos previos á Guerra Civil os banqueiros privados composteláns mantiveron unha fortaleza maior ca os coruñeses, unha praza onde as sociedades anónimas bancarias se fixeran co control do mercado. Dúas destas entidades fundadas na cidade –o *Banco de La Coruña* e o Banco Pastor– convertéronse nas protagonistas rexionais do período.

Cadro 7.- Comerciantes-banqueiros ordenados segundo a importancia de varias partidas do balance no ano 1933

RECURSOS PROPIOS	RECURSOS ALLEOS	INVESTIMENTO*	ACTIVOS TOTAIS
Hijos de Simeón	Olimpio Pérez	Olimpio Pérez	Olimpio Pérez
Olimpio Pérez	Hijos de Simeón	Hijos de A. Núñez	Hijos de Simeón
Narciso Obanza	Hijos de A. Núñez	Narciso Obanza	Hijos de A. Núñez
Hijos de A. Núñez	Narciso Obanza	Etcheverría	Narciso Obanza
Etcheverría	Etcheverría	-	Etcheverría

* Neste apartado non é posible incluír a *Hijos de Simeón García* debido á excesiva agregación do seu balance. Os recursos propios inclúen o capital e as reservas. Os recursos alleos refírense ás contas de acredores e o investimento inclúe o papel comercial, os créditos e a carteira de títulos.

FONTE: ARG, *Hacienda, Contribución de Utilidades*, legs. 687, 690, 702, 768, 769, 771, 772, 774, 776, 779, 780, 782, 784, 785, 786, 1723, 1786, e 1790.

⁶⁴ A banca *Hijos de Olimpio Pérez* transformouse no ano 1960 no *Banco de Crédito e Inversiones SA* como paso previo a constituírsese como *Banco Gallego* (na órbita do Banco Central) (Arroyo, 1999, p. 66).

3.3. A IDADE DOURADA DAS SOCIEDADES ANÓNIMAS BANCARIAS CORUÑESAS

Desde a desaparición do *Crédito Gallego* (1905), a provincia da Coruña quedárase orfa de sociedades anónimas bancarias autóctonas. Pero logo da gran guerra, dous novos bancos viron a luz na praza coruñesa: o *Banco de La Coruña* (1918) e o Banco Pastor (1925). Estes acontecementos catapultaron a cidade como a capital financeira de Galicia. O protagonismo bancario coruñés viuse reforzado pola quebra do Banco de Vigo (1900-1925) no marco da crise bancaria que tivo lugar en España nos primeiros anos da ditadura de Primo de Rivera (Maixé [dir.], Vilar e Lindoso, 2003, p. 131).

A fundación do *Banco de La Coruña* estivo impulsada pola Agrupación Popular Coruñesa, integrada por ilustres persoeiros da vida empresarial, política e cultural da cidade herculina. Entre os seus principais promotores destacou o valisoletano afincado en Galicia Dionisio Tejero Pérez (1856-1941), notable home de negocios do oitocentos⁶⁵. O *Banco de La Coruña* naceu cun capital social de 5 millóns de pesetas dentro dun mercado financeiro dominado polos comerciantes-banqueiros e pola banca oficial e extrarrexional. Tejero subscribiu o 20% do capital social e ocupou o posto de presidente do consello de administración ata a súa morte no ano 1941⁶⁶. A súa actividade inicial caracterizouse por unha intensa política de fomento das relacións con outras entidades bancarias de fóra da rexión. O banco tamén mostrou un especial interese polo mercado de ultramar, onde os xiros e as remesas de emigrantes constituían unha atractiva oportunidade de negocio. Por último, ao igual ca outras entidades, estableceu a súa propia rede de sucursais mediante a apertura de novas oficinas ou mediante a absorción de pequenas casas de banca locais. A principios dos anos trinta, a entidade mantiña axencias abertas ao público nas catro provincias galegas: A Coruña (14), Lugo (5), Ourense (5) e Pontevedra (4). O proceso de expansión viuse interrompido pola gran depresión e polo estoupido da Guerra Civil.

Despois do conflito, o proceso de aproximación da gran banca nacional ás institucións financeiras galegas recuperou vigor. Dentro deste contexto, o Banco de Bilbao converteuse en accionista do *Banco de La Coruña*, como primeiro paso para acceder ao dominio da entidade coruñesa⁶⁷. Con este obxectivo, desde finais dos anos sesenta o banco bilbaíno adquiriu máis accións ata conseguir o control do seu

⁶⁵ O alcalde, Manuel Casás Fernández, impulsou a creación da Agrupación Popular Coruñesa, que canalizou o apoio dos banqueiros máis relevantes da cidade, como os Pastor, os Rubine e o propio Tejero (véxase *Banco de La Coruña: 1918-1943*). Tejero desempeñou o papel de comerciante que remite e que recibe xéneros, froitos ou efectos, exerceu de almacenista de carbón e de sal común e tamén como axente de aduanas e de seguros co *Banco Vitalicio de España* e con outras compañías nacionais e estranxeiras (véxanse González Catoyra (1990, pp. 653-654), BOP (1913) e unha extensa biografía empresarial en Lindoso (2006b)). Tamén se estableceu como consignatario de buques e de empresas estibadoras no porto coruñés.

⁶⁶ *Banco de La Coruña: 1918-1943* (1944).

⁶⁷ As sucursais do Banco de Bilbao en Galicia xa viñan utilizando a rede operativa do *Banco de La Coruña* para o desconto de papel comercial antes da Guerra Civil, segundo o acordo establecido entrambos os dous bancos (Arroyo, 2001, pp. 23-25).

capital (VV.AA., 1968). O *Banco de La Coruña* terminou os seus días como filial do Banco de Bilbao no ano 1969 ata a súa absorción no ano 1971 (Arroyo, 2001, p. 27). Este proceso significou a caída en mans da banca extrarrexional dunha das entidades bancarias máis representativas da cidade.

Por outro lado, a histórica casa de banca *Sobrinos de José Pastor* experimentou un desenvolvemento espectacular nas primeiras décadas do século XX. Entre os anos 1915 e 1924 case quintuplicara o seu capital social, mentres reforzaba a súa vocación financeira. Un ano despois, a familia Pastor apostou definitivamente pola sección bancaria do negocio. Con este fin, separou as súas actividades bancarias e consignatarias mediante a fundación do Banco Pastor S.A. (1925)⁶⁸. A expansión xeográfica foi a primeira consecuencia. Entre os anos 1925 e 1934 aumentou a pequena rede de sete sucursais herdadas da sociedade predecesora ata trinta e seis oficinas repartidas pola Comunidade. A súa estratexia de crecemento apoiouse en dous piares. Dun lado, introduciuse nalgúns prazas a través da absorción de pequenas casas de banca de carácter tradicional, o que lle permitía conseguir locais céntricos e unha carteira de clientes consolidada na localidade⁶⁹. Nalgúns casos, estas pequenas firmas bancarias viñeran actuando como correspondentes do Banco Pastor, polo que coñecía perfectamente o mercado onde se instalaba e o volume de negocio da empresa adquirida⁷⁰. Doutro lado, o Banco Pastor aproveitou o baleiro deixado polo peche do Banco de Vigo e adquiriu algunhas das súas antigas sucursais. Mediante esta vía accedeu ás principais prazas do sur de Galicia.

Outra das claves do éxito do Banco Pastor descansaba na súa ampla carteira de investimento, que reflicte o avance do proceso de modernización no ámbito coruñés (cadro 8). Dun lado, destacan as empresas relacionadas co desenvolvemento bancario e cos servizos públicos. Doutro lado, obsérvase a ampliación da oferta de lecer e de espectáculos na cidade, a través da construción do Teatro Principal ou da praza de touros. Por último, no ámbito puramente industrial despuntan dúas actividades claves no devir futuro da empresa: a electricidade e a minería. A fortaleza dos seus investimentos industriais e a expansión xeográfica converteron o Banco Pastor na primeira entidade bancaria galega nos anos previos á Guerra Civil. Os beneficios obtidos por esta institución financeira empequeñecían os resultados dos restantes bancos autóctonos (gráfica 3).

⁶⁸ RMC, libro 26, folia 444, inscrición 34ª, fol. 184. Por outro lado, a sociedade *Sobrinos de José Pastor* continuou o seu camiño facéndose cargo da sección consignataria do negocio.

⁶⁹ Este foi o caso, por exemplo, da casa bancaria ferrolá *Hijo de Juan A. Dans y Cía.* fundada en Ferrol no ano 1899, cuxa absorción deu lugar á creación dunha axencia do Banco Pastor en Ferrol no ano 1925. Véxanse RMC, libro 11, folia 220, fol. 221 e tamén Arroyo (1999, p. 55).


⁷⁰ No ano 1928 adquiriu en traspaso no Barco de Valdeorras o negocio de dúas casas de banca que ata ese momento funcionaban como correspondentes do Banco Pastor. Tratábase das casas de banca de *Joaquín Arias y Ricardo Gurriarán y Hermanos*, que se converteron en sucursais do Banco Pastor. No ano 1931 repetiu a mesma fórmula en Ordes coa casa de *Manuel García Bermúdez* (Arroyo, 1999, p. 55).

Cadro 8.- Intereses empresariais de Sobrinos de José Pastor-Banco Pastor (1890-1935)

Sobrinos de José Pastor (1890-1913)	Sobrinos de José Pastor - Banco Pastor (1914-1935)	
COMERCIO		
	Compañía Española de Petróleos	
MARÍTIMO- CONSIGNACIÓN		
Compañía de Salvamentos Marítimos (1904)	Compañía Trasmediterránea	
Hijos de Tomas Guyatt (1907)	Consignatario de A. Folch y Cía., Pacific Steam	
Guyatt, Molins y Pastor	White Star Line, Red Start Line, American Line	
Consignatario de A. Folch y Cía., Pacific Steam	Pinillos Izquierdo y Cía.	
Navigation Company y Pinillos Izquierdo y Cía.	Hamburg Amerikanische Packetfahr A.G.	
FINANZAS- SEGUROS		
Crédito Gallego	B. Crédito Local de España	B. Hispano Americano
C. A. y M. P. de La Coruña	B. Comercial de Barcelona	B. Hispano Colonial
Suc. del Banco de España (A Coruña e Ourense)	B. de Crédito Industrial	B. Mercantil Santander
	B. Hipotecario en España	B. Urquijo
	B. de La Coruña	B. Urquijo Vascongado
	B. Español de Crédito	B. de Vizcaya
OUTROS SERVICIOS		
Aguas de La Coruña (1903)	Aguas de La Coruña	
Compañía de Tranvías de La Coruña (1902)	Aguas de Barcelona	
La Lealtad (1899)	Aguas de Mondariz de Hijos de Peinador SA (1932)	
Plaza de Toros (1884)	Aguas Subterráneas de Llobregat	
Teatro Principal (1906)	La Toja SA	
FFCC A Coruña-Santiago	La Voz de Galicia	
	Mercantil Cívico Militar	
	Tranvías de Pontevedra	
	Tranvías de Barcelona	
INDUSTRIAS		
Azucarera Gallega (1899)	Caleras de Valdeorras (1925)	
Manuel Arredondo (1913)	Industrias Gallegas (1933)	
Hijos de B. Escudero y Cía. (1909)	Altos Hornos de Vizcaya	
Hidroeléctrica del Pindo (1903)	Hullas del Coto Cortés (1919)	
General Minera de Galicia (1912)	C.H.A.D.E.	
Sociedad General Gallega de Electricidad (1900)	Compañía Arrendataria de Fósforo	
Electra Industrial Coruñesa	Distribuidora Gallega de Electricidad	
	Fabricas Coruñesas de Electricidad (1918)	
	Hidroeléctrica Ibérica	
	Minas do Rif	
	Concesionaria Hidráulica Gallega	
	Cross SA	
	Sociedad General Gallega de Electricidad	
	Unión Eléctrica Madrileña	
	Ebro-Compañía de Azucares	
	Sociedad Española Babcock Wilcox	

FONTES: Para o período 1890-1913, véxase Lindoso (2005); para o período 1914-1935, véxanse *Anuarios Financieros y de Sociedades Anónimas (1916-1940)*; ARG, *Hacienda, Contribución de Utilidades*, legs. 683, 687, 688, 689, 690, 691, 692, 702, 770, 771, 772, 777, 780, 781, 784, 785, 786, 826, 1786, 1791, 1798, 1804 e 1814.

Gráfica 3.- Beneficios anuais obtidos pola banca galega (en millóns de pesetas correntes)



FONTES: Alonso (1984 p. 198) e *Anuarios Financieros* (1933-1935).

Malia a súa sólida posición no mercado, o Banco Pastor, con intereses en múltiples sectores produtivos, non puido evitar os efectos negativos da crise dos anos trinta. Algo similar ocorreu co *Banco de La Coruña*, afectado seriamente pola quebra dalgunhas das casas de banca coas que mantiña estreitas relacións (Arroyo, 2001, p. 22). No contexto de crise económica, a pugna das entidades bancarias centrouse na captación do pasivo ao que lle había que aboar xuros. O Banco Pastor e o *Banco de La Coruña* contaban con tres vantaxes fronte á banca extrarrexional⁷¹. En primeiro lugar, as numerosas sucursais diseminadas por toda a rexión, en especial nas vilas de menor tamaño, onde apenas penetrara a banca foránea. En segundo lugar, dispoñían de maior facilidade para aceptar ou para rexeitar no acto calquera operación, xa que a súa administración central se localizaba a escasa distancia. Por último, as dúas entidades gozaban dun fondo arraigamento entre a poboación. En particular, o Banco Pastor convertérase no principal rival da praza a moita distancia do resto de entidades. En opinión dos seus competidores, a principal vantaxe comparativa descansaba na estreita relación que mantiña coas empresas máis significativas do tecido industrial galego. Este vínculo proporcionáballe clientes de alto poder adquisitivo e permitíalle dispoñer de excelentes contactos políticos en todos os niveis da Administración⁷². En consecuencia, o coñecemento do mercado de actuación e a fidelidade entre a clientela e a entidade bancaria déronlles notables vantaxes aos bancos autóctonos fronte á banca extrarrexional. Agora ben, esta situación converteuse nunha arma de dobre fío, pois tamén converteu a banca autóctona en obxectivo moi atractivo para os grandes grupos bancarios.

4. CONCLUSIONES

Tradición e modernidade conxugáronse no mercado financeiro galego do século XIX. A banca tradicional, representada polos comerciantes-banqueiros, conviviou de

⁷¹ Informe de la sucursal del Banco de Bilbao en La Coruña, 1930.

⁷² Sucursal del Banco de Bilbao en La Coruña, Memoria de 1942 y 1945.

forma simbiótica coas institucións financeiras modernas. A competencia entrambas as dúas entidades no foi excesiva, de tal forma que os comerciantes-banqueiros coruñeses puideron sobrevivir e prosperar nun marco cambiante. A súa falta de especialización acomodábase ás necesidades da industria e do comercio da rexión, incluso eles mesmos actuaban con certa frecuencia como fabricantes, comerciantes ou consignatarios. Pero o maior desenvolvemento económico que experimentou Galicia desde finais do século XIX, aínda que á cola do crecemento español, empezou a poñerlles límites ás súas funcións. As crecentes necesidades financeiras das grandes empresas galegas e a reordenación bancaria de principios do século XX puxeron nun brete á banca tradicional. Recursos e especialización convertéronse en variables claves para a súa supervivencia.

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ÁLVAREZ, L. (2005): “La crisis de la economía tradicional: continuidad y cambio en la Galicia del siglo XIX”, en J. de Juana e J. Prada [coord.]: *Historia contemporánea de Galicia*, pp. 33-55. Barcelona: Ariel.
- ALONSO, J.A. (1984): “La banca y la economía de Galicia en el primer tercio del siglo XX”, en Manuel Tuñón de Lara: *España, 1898-1936. Estructura y cambio*. Madrid: Universidad Complutense.
- ALONSO, L.; LINDOSO, E.; VILAR, M. (en prensa): *Construyendo empresas. La trayectoria de los emprendedores coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*. *Anuario Financiero y de Valores Mobiliarios*. Madrid (1916-1917).
- Anuarios Financieros y de Sociedades Anónimas de España*. Madrid: Sopec (1918-1970).
- ARROYO MARTÍN, J.V. (1999): *Banca y mercados en España: 1920-1960*. Galicia: Bilbao: Archivo Histórico del BBVA.
- ARROYO MARTÍN, J.V. (2001): *Estudios bancarios: el Banco de La Coruña entre 1918 y 1970*. Bilbao: Archivo Histórico BBVA.
- ARROYO MARTÍN, J.V. (2003): *La banca en España en el período de entreguerras, 1820-1935*. Bilbao: Archivo Histórico BBVA.
- ARROYO MARTÍN, J.V. (2005): *La economía de guerra y su reajuste en España, 1936-1941, desde una perspectiva macroeconómica. 1. Galicia y el corredor del Duero hasta Aragón*. Bilbao: FBBV.
- Banco de La Coruña: 1918-1943* (1944). A Coruña: Moret.
- BURÉS MIGUENS, M.T. (2006): “José Pastor Horta (1820-1877)”, en X. Camona Badía [coord.]: *Empresarios de Galicia*, pp. 86-107. A Coruña: Fundación Galicia-Empresa / Fundación Caixa Galicia.
- CARMONA BADÍA, X. (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ariel.
- CARMONA BADÍA, X. (1996): “Catalanes de Galicia: 1830-1900”, en M. T. Pérez Picazo et al. [ed.]: *Els catalans a Espanya, 1760-1914*, pp. 109-115. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- CARMONA BADÍA, X. (1997): “O mar e a industrialización de Galicia”, en *O feito diferencial galego na historia*, pp. 251-276. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

- CARMONA BADÍA, X. (2001): "Minifundio persistente e industrialización limitada", en L. Germán, E. Llopis, J. Maluquer de Motes e S. Zapata [ed.]: *Historia económica regional de España, siglos XIX y XX*, pp. 13-45. Barcelona: Crítica.
- CARMONA BADÍA, X.; PENA ESPINHA, J. (1985): "As orixens do sector eléctrico na Galiza, 1888-1936", *Agália*, (monográfico "Quatro estudos de historia económica de Galiza"), pp. 33-49. A Coruña.
- CARMONA, X.; NADAL, J. (2005): *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- CARRERAS, A; TAFUNELL, X. (2003): *Historia económica de la España contemporánea*. Barcelona: Crítica.
- CASTAÑEDA, L. (2001): *El Banco de España, 1874-1900. La red de sucursales y los nuevos servicios financieros*. (Estudios de Historia Económica, 41). Banco de España, Servicio de Estudios.
- CONSEJO DE INDUSTRIA (1930): *Apuntes para el momento de la economía española en 1930*. (Apartado: "La industria en la provincia de La Coruña, industria de la madera").
- COUMES-GAY, A. (1877): *Guía de La Coruña*. A Coruña: Puga.
- FACAL, M. J. (1986): *La banca en Galicia durante la época de la Restauración: el Crédito Gallego*. (Tese de licenciatura inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FACAL, M. J. (2003): "Manuel Pérez Saénz 1848-1880: lectura de la contabilidad de un armador, comerciante mayorista y banquero de Santiago de Compostela", *IV Encuentro de Trabajo de Historia de la Contabilidad. Historia de la Contabilidad*. Sevilla.
- FACAL, M. J. (2005): "Los orígenes del Banco Simeón: evolución de los negocios de Simeón García de Olalla y de la Riva, 1857-1983", *VIII Congreso de la Asociación de Historia Económica*. Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2000): "Caracterización da agricultura galega contemporánea: entre o atraso e a adaptación ao capitalismo" en L. Fernández Prieto [ed.]: *Terra e progreso. Historia agraria de Galicia contemporánea*, pp. 45-60. Vigo: Xerais.
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2005): "Las transformaciones económicas", en J. de Juana e J. Prada [coord.]: *Historia contemporánea de Galicia*, pp. 141-169. Barcelona: Ariel.
- FERNÁNDEZ SANTANDER, C. (1987): *1886-1986. Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación*. A Coruña: COCINC.
- GARCÍA LÓPEZ, A. (2003): *La actividad bancaria en Galicia. Desde el catastro del Marqués de la Ensenada a la Ley Cambó*. Valladolid: Lex Nova.
- GARCÍA LÓPEZ, J.R. (1985): "Banqueros y comerciantes banqueros, clave oculta del funcionamiento del sistema bancario español del siglo XIX", *Moneda y Crédito*, núm. 175, pp. 59-86.
- GARCÍA LÓPEZ, J.R. (1987): *Los comerciantes-banqueros en el sistema bancario español. Estudio de las casas de banca asturianas en el siglo XIX*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- GARCÍA LÓPEZ, J.R. (1989): "El sistema bancario español del siglo XIX: ¿una estructura dual? Nuevos planteamientos y nuevas propuestas", *Revista de Historia Económica*, núm. 1, pp. 111-132.
- GARCÍA LÓPEZ, J.R. (2000): "Banking Merchants and Banking Houses: The Hidden Key to the Workings of the Spanish Banking System in the Nineteenth Century", *Accounting, Business & Financial History*, núm. 1-10, pp. 37-56.

- GARCÍA RUIZ, J.L. (2001): “La banca extranjera en España tras la Restauración, 1874-1936”, en C. Sudrià e D. Tirado [ed.]: *Peseta y protección. Comercio exterior, moneda y crecimiento económico en la España de la Restauración*, pp. 197-220. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- GÓMEZ, J.L.; MARTÍNEZ, J.C. (1992): *Las primeras 500 empresas de Galicia*. A Coruña: Biblioteca Gallega-Gaesa.
- GONZÁLEZ CATOYRA, A. (1990): *Biografías coruñesas*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- GONZÁLEZ CATOYRA, A. (1994): *Cronología coruñesa: 1901-1993: (de los tranvías con tracción de sangre a la Domus o Casa del Hombre)*. A Coruña.
- GONZÁLEZ CATOYRA, A. (1997): *Nuevas biografías coruñesas*. A Coruña.
- JUANA, J. DE (2005): “Población y emigración en Galicia”, en J. de Juana e J. Prada [coord.]: *Historia contemporánea de Galicia*, pp. 393-440. Barcelona: Ariel.
- LINDOSO TATO, E. (1999): *Empresas y empresarios en La Coruña, 1830-1914*. (Documento de Trabajo, 9905). Madrid: Fundación Universidad Empresa.
- LINDOSO TATO, E. (2005): *El factor empresarial en la Galicia atlántica, 1820-1913*. (Tese de doutoramento). Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- LINDOSO TATO, E. (2006a): *Los pioneros gallegos. Bases del desarrollo empresarial 1820-1913*. Madrid: Lid.
- LINDOSO TATO, E. (2006b): “Dionisio Tejero Pérez (1856-1941)”, en X. Carmona [coord.]: *Empresarios de Galicia*, pp. 218-235. A Coruña: Fundación Caixa Galicia / Fundación Galicia Empresa.
- MAIXÉ, J.C. [dir.]; VILAR, M.; LINDOSO, E. (2003): *El ahorro de los gallegos. Orígenes e historia de Caixa Galicia (1876-2002)*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- MARIÑO BOBILLO, M.C. (2004): “La Coruña entre el Antiguo Régimen y el liberalismo: la organización social”, en *La Coruña, historia y turismo*.
- MUSET, A. (1988): “La conquesta del mercat peninsular durante la segona meitat del segle XVIII: l'exemple de la casa Francesc Ribas i Cía., (1766-1783)”, *Pedralbes*, núm. 8-I, pp. 395-403.
- MUSET, A. (1997): *Catalunya i el mercat espanyol al segle XVIII: els traginers i els negociants de Calaf i Copons*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- PRADOS DE LA ESCOSURA, L. (2003): *El progreso económico de España (1850-2000)*. Madrid: Fundación BBVA.
- PRAT SABARTÉS, M. (2005): “La utilización de redes empresariales para la comercialización de tejidos catalanes a mediados del siglo XIX”, *X Simposio de Historia Económica: Análisis de Redes en la Historia Económica*. Bellaterra.
- TEDDE, P. (1974): “La banca privada durante la Restauración (1874-1914)”, en P. Schwartz [coord.]: *Ensayos sobre la economía española a mediados del siglo XIX*. Madrid: Banco de España, Servicio de Estudios.
- TORTELLA, G. (1970a): “La evolución del sistema financiero español de 1856 a 1868”, en P. Schwartz [coord.]: *Ensayos sobre la economía española a mediados del siglo XIX*. Madrid: Banco de España, Servicio de Estudios.
- TORTELLA, G. (1970b): “El Banco de España entre 1829-1929. La formación de un banco central”, en VV.AA.: *El Banco de España. Una historia económica*. Madrid: Banco de España.

- TORTELLA, G. (1975): *Los orígenes del capitalismo en España. Banca, industria y ferrocarriles en el siglo XIX*. Madrid: Tecnos.
- TORTELLA, G. (2001): *El desarrollo de la España contemporánea. Historia económica de los siglos XIX y XX*. 3ª reimpr. Madrid: Alianza.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (2000): *La emigración gallega a América, 1830-1930*. (Tese de doutoramento). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- VV.AA. (1968): *Banco de La Coruña, bodas de oro 1918-1968*. A Coruña: Banco de La Coruña.